



Transferencias de Créditos 010T/2019
Expte. Cividas: 2019009761
TC-010T/2019 (mod. 19/19)

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 25 de marzo (ref 066/2019), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda en data 25 de marzo, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Infraestruturas, mediante providencia asinada o 15 de marzo, visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral en data 06 de abril de 2019 (ref 10T/19), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 010-T/2019, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 1

A) APLICACIÓNS QUE RECIBEN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N110.1621.62900	Mellora en puntos limpos	60.000,00 €
N130.1530.61900	Infraestruturas viarias urbanas	200.000,00 €
N130.1530.62300	Maquinaría e utillaxe Infraestruturas	10.000,00 €
N130.1530.62400	Adquisición vehículo Infraestruturas	20.000,00 €
Total Transf. Positivas:		290.000,00 €

B) APLICACIÓNS QUE TRANSFIREN CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N230.1610.12100	Complemento de destino Enxeñería e augas	60.000,00 €
N230.1610.12101	Complemento específico Enxeñería e augas	100.000,00 €
N230.1610.16000	Cota patronal S. Social Saneamento, abast.	50.000,00 €
N230.1650.12100	Complemento de destino Alumeado Público	10.000,00 €
N230.1650.12101	Complemento específico Alumeado Público	40.000,00 €
N230.1650.16000	Cota patronal S. Social Alumeado Público	30.000,00 €
Total Transf. Negativas:		290.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á **Concellería delegada de Infraestruturas** para seu coñecemento e aos efectos oportunos.



O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

